

# Pensionistas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia

Resumo de resultados 18/03/2024


## ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización .....	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización .....	3
Definicións, fontes e máis información .....	4

**ZDP:** Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

## Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

**Pensionistas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización. Ano 2022**



	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	249,5	219,3	226,7	323,9
• A Coruña	238,9	218,3	216,5	304,0
• Lugo	296,2	216,2	265,4	369,8
• Ourense	303,0	247,4	259,4	363,9
• Pontevedra	228,7	213,4	224,8	279,3

## Pensionistas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a idade e o grao de urbanización.

### Información para Galicia. Ano 2022


No ano 2022 hai 249,5 pensionistas por cada 1.000 habitantes residentes en Galicia que perciben unha pensión contributiva da seguridade social. O número de pensionistas por 1.000 habitantes aumenta ao diminuír o grao de urbanización e acaba, por tanto, a valor máis alto na zona pouco poboada, 323,9 pensionistas por mil habitantes, fronte aos 219,3 pensionistas por 1.000 habitantes que se rexistran na zona máis poboada (ZDP).

As provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra compórtanse igual que o conxunto de Galicia e é en Lugo onde as diferenzas son máis acusadas; nesta provincia residen 148 pensionistas máis na ZPP que na ZDP por cada 1.000 habitantes.

Na provincia da Coruña a ZDP rexistra máis pensionistas por cada 1.000 habitantes que a ZIP.

A distribución segundo a idade dos pensionistas en cada unha das zonas amosa que o 22% dos pensionistas da ZIP teñen menos de 65 anos mentres que a porcentaxe de pensionistas menores de 65 anos na ZPP non acaba o 20%. En todas as zonas a porcentaxe de pensionistas entre 65 e 84 anos supera o 60% do total de pensionistas.

	Total	ZDP	ZIP	ZPP
0-64	127.029	37.848	50.055	39.049
65-74	237.728	80.009	81.477	76.236
75-84	189.173	62.010	60.671	66.487
85 e máis	119.488	37.209	35.226	47.044



## Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

### Pensionistas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización. Galicia


Os datos do indicador de pensionistas por 1.000 habitantes reflicten tamén unha relación inversa co subgrao de urbanización.

Con respecto ao ano 2013, no 2022 rexistráronse máis pensionistas por 1.000 habitantes en todas as subzonas de urbanización. As subzonas que experimentaron o maior aumento de pensionistas por 1.000 habitantes no período 2013-2022 foron as ZIP alta e baixa.

O número de pensionistas por cada 1.000 residentes é maior no caso dos homes que no das mulleres en todas as subzonas, agás na zona ZPP baixa, a subzona menos poboada.

	2013			2022		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	235,7	243,6	228,3	249,5	256,2	243,3
ZDP	205,4	213,5	198,2	219,3	219,5	219,1
ZIP alta	201,9	215,8	188,6	221,4	234,2	209,3
ZIP baixa	225,4	237,4	214,0	244,7	259,9	230,2
ZPP alta	250,8	257,5	244,2	262,2	271,8	252,9
ZPP intermedia	296,2	302,3	290,3	315,0	325,7	304,7
ZPP baixa	343,3	334,9	351,7	359,9	356,1	363,6

Pensionistas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización. Ano 2022



## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

Os datos que se publican neste apartado son relativos a pensións contributivas básicas en alta da Seguridade Social de residentes en Galicia. O concello de residencia da persoa obtense mediante o cruce do ficheiro de pensións contributivas da Seguridade Social co Padrón municipal continuo do INE. O importe calcúlase como suma dos importes de todas as pensións que percibe cada pensionista

**Pensións contributivas da Seguridade Social:** Son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social (acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos, ...), sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

As clases de pensións son:

- incapacidade permanente
- xubilación
- morte e supervivencia

### Descarga de datos

- [Número de pensionistas, pensionistas por 1.000 habitantes e importe medio segundo o sexo, o grupo de idade e o grao de urbanización.](#) (Información para Galicia e provincias dos anos 2011, 2013, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020)
- [Número de pensionistas, pensionistas por 1.000 habitantes e importe medio segundo o sexo, o grupo de idade e o subgrao de urbanización.](#) (Información para Galicia e provincias dos anos 2011, 2013, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020)

### Fontes de información

Elaboración propia a partir dos ficheiros da Seguridade Social. IGE. Cifras poboacionais de referencia